

Concello de Covelo

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: PROGRAMA HORTAS ECOLÓXICAS CONCELLO COVELO 2017-INICIATIVA SOCIAL DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA O EMPREGO

As administracións públicas deben por en marcha medidas e actuacións concretas que teñan coma obxectivo, atender e mellorar a protección ante a perda de emprego, a eficacia na intermediación e recolocación dos/as desempregados/as e potenciar as medidas que fomenten a creación de emprego e a mellora da calidade das condicións laborais, con especial atención a formación a o longo da vida.

Con este obxectivo o Concello de Covelo pretende que as persoas con coñecementos sobre a elaboración de hortas e con dispoñibilidade loxística poidan convertelas en hortas ecolóxicas e comercializar os seus produtos.

As persoas participantes aprenderán as bases para crear a súa propia horta ecolóxica certificada, entregando o plantel e o material necesario. Daráselle toda a formación sobre os cultivos que precisan para unha horta cunha produción ao 100%. Ensinarase a comercializar o seu produto e a conservar para comercializar en épocas de baixa produción.

Darase información sobre as cooperativas comarcais que poidan recoller a produción desde os comezos para facilitar a comercialización inicial.

- Favorecer o acceso ó emprego

Os obxectivos ESPECÍFICOS son:

- Asesorar e tutorizar nos diferentes pasos a seguir para a capacitación de hortas ecolóxicas.
- Informar sobre os cultivos demandados polas empresas.
- Subministrar o material para plantar.
- Informar sobre como comercializar os produtos.
- Facer un seguimento e tutorización do proceso de creación de hortas ecolóxicas.
- Facilitar a recollida da produción por parte de cooperativas comarcais.

Para iso este Concello solicitou subvención para a realización de **PROGRAMA HORTAS ECOLÓXICAS CONCELLO COVELO 2017, INICIATIVA SOCIAL DE FORMACIÓN E ASESORAMENTO PARA O EMPREGO, ó abeiro do PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (PLAN CONCELLOS) 2017 (LIÑA 2), DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA**, (regulado polas Bases publicadas no BOP nº 249 de data 30 de decembro de 2016).

Por Acordo da Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial, resolveuse a concesión dunha subvención para a devandita actividade por importe de

Concello de Covelo

DECRETO

Número: 2017-0117 Data: 03/04/2017



Cod. Validación: 90G74HPEED4JMASHN9FZC5M2L | Corrección: <http://covelosedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 7

Concello de Covelo

4.148,00 €, acordo que tivo entrada neste Concello o 27 de marzo de 2017 (RE 480).

O obxecto da presente Resolución é proceder a ofertar o citado programa e establece-los criterios para a súa selección.

Así, de conformidade co sinalado no artigo 21.1.g) da Lei 7/85, e vista a Fiscalización da Intervención, DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar a convocatoria do **PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DE ASESORAMENTO, TUTORIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS E HORTAS ECOLÓXICAS DO CONCELLO DE COVELO 2017.**

SEGUNDO.- Aprobar condicións de participación e as bases de selección dos participantes no **PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DE ASESORAMENTO, TUTORIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS E HORTAS ECOLÓXICAS DO CONCELLO DE COVELO 2017** que son as seguintes:

“BASES PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DE ASESORAMENTO, TUTORIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS E HORTAS ECOLÓXICAS DO CONCELLO DE COVELO 2017

1.- OBXECTO.

O obxecto deste procedemento de selección é establecer os criterios básicos a seguir na selección do alumnado do **PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DE ASESORAMENTO, TUTORIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS E HORTAS ECOLÓXICAS DO CONCELLO DE COVELO 2017.**

2.- PARTICIPANTES.

Establécese un número mínimo y máximo de 10 participantes .

3.- NÚMERO DE HORAS, METODOLOXÍA E AVALIACIÓN.

- **HORAS.**

A duración do proxecto acadará as 100 horas .

Concello de Covelo

DECRETO
Número: 2017-0117
Data: 03/04/2017



Concello de Covelo

As clases teóricas e as tutorías serán os luns de 10.00 horas a 13.00 horas.

Poderán facerse modificacións acordadas.

- **METODOLOXÍA**

- Clases teóricas sobre como capacitar as hortas como ecolóxicas, emprendemento agrario, cultivos demandados polas empresas.
- Visitas e asesoramento nas hortas

- **AVALIACIÓN**

Farase unha avaliación continuada baseada na observación e no acompañamento durante o proceso.

Entregarase as persoas técnicas e as persoas participantes uns boletíns de seguimento semanais co fin de mellorar o proxecto.

4.- REQUISITOS MÍNIMOS PARA PARTICIPAR .

Poderán participar no proceso de selección aquelas persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar desempregadas e inscritas como tal no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- No suposto que a totalidade de prazas nas accións formativas non se cubran con persoas en situación de desemprego, poderán ofertarse para súa cobertura a traballadores en activo.
- Residir no Concello de Covelo. Esta condición acreditaranse mediante a comprobación Padrón Municipal de habitantes previa autorización da consulta polo interesado.
- Ter capacidade loxística para ser produtor dunha horta ecolóxica.

Estes requisitos e demais condicións para o acceso ao proxecto, deberán cumprirse na data en que finalice o prazo de admisión de solicitudes e han de ser acreditados xunto coa solicitude.

5.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E CRITERIOS DE SELECCIÓN

5.1.- CONVOCATORIA PÚBLICA



Concello de Covelo

Para o proceso de selección do alumnado procederase á convocatoria pública a través da exposición deste documento no Taboleiro de Edictos Municipais, na páxina web do Concello e a través doutros medios publicitarios si se considera oportuno.

5.2.- ENTREGA DE SOLICITUDES

5.2.1.- As persoas que estean interesadas en participar na selección deberán aportar a seguinte documentación:

- Solicitud de inscrición
- Fotocopia do DNI
- Copia da demanda de emprego actualizada
- Certificado ou volante de empadramento.
- Declaración xurada de posuír capacidade loxística para ser produtor dunha horta ecolóxica.

A documentación deberá entregarse no Rexistro das oficinas xerais do Concello de Covelo.

As persoas que desexen máis información sobre as accións formativas e/ou a documentación a aportar poden poñerse en contacto coa Educadora familiar no teléfono: 986 650 027 Ext. 1

5.2.2.- Prazo de inscrición: **do 5 de abril ó 17 de abril de 2017.**

O prazo de presentación de solicitudes poderá ampliarse en función de calquera incidencia que se produza, sempre co obxectivo de mellorar o propio procedemento e os obxectivos de formación

5.2.3.- O día 18 de abril de 2017 publicarase no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello o listado dos candidatos seleccionados.

5.3.- SELECCIÓN E ENTREVISTA

Accederase o curso por orde de inscrición con informe dos servizos sociais deste concello.

Unha vez presentada a solicitude citarase a cada persoa para unha entrevista persoal na que se valorarán os coñecementos técnicos, aptitudes e actitudes para o emprendemento agrario e a capacidade loxística para a participación no proxecto.

5.4.- RESULTADO DA SELECCIÓN

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131

DECRETO
Número: 2017-0117 Data: 03/04/2017



Cod. Validación: 90G74HPFEDAJMASHN6ZC5M2L | Corrección: <http://covelosedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 7

Concello de Covelo

Unha vez realizada a entrevista publicarase a selección, na que conste o listado das persoas admitidas para cada curso co nome, apelidos e DNI, así como as persoas que queden en reserva e que poderán incorporarse ante baixas que se produzan, sempre que non houbera transcorrido o 20% das horas lectivas do curso.

A lista de selección dos participantes serán publicadas no Taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello. Ademais contactarase telefonicamente coas persoas seleccionadas antes do comezo de cada curso, realizaranse dúas chamadas a cada participante, no caso de non conseguir contactar co alumno, este quedará directamente excluído e se incorporará o seguinte reserva.

No caso de que a persoa seleccionada non estea interesada en realizar o curso deberá acudir as oficinas do Concello para firmar a renuncia ao mesmo.

6.- COBERTURA DO RISCO DE ACCIDENTES DO ALUMNADO

O alumnado terá cuberto os riscos de accidentes que poderán producirse como consecuencia da asistencia aos cursos, así como na fase de prácticas non laborais nas empresas.

7.- DEREITOS E DEBERES DO ALUMNADO

DEREITOS DO ALUMNADO:

- o A recibir a formación teórico/práctica, segundo o programa do curso.
- o A recibir o material didáctico necesario para a Impartición do curso.
- o A recibir un diploma acreditativo cando remate o curso con aproveitamento e asistise ao 80% das horas lectivas do curso.

DEBERES DO ALUMNADO:

- o Asistir e seguir con aproveitamento o curso. Os alumnos poden ter **dúas faltas de asistencia ao mes sen xustificar**, si acumulan máis causarán baixa no curso. As faltas xustificadas e sen xustificar non poderán o 20% das horas lectivas, neste caso o alumno tamén causará baixa.
- o Presentar os xustificantes das faltas ao docente.
- o Participar no desenvolvemento das clases e non entorpecer o normal desenvolvemento do curso.
- o Utilizar correctamente a maquinaria e medios didácticos, así como as instalacións dondo se imparte o curso.
- o Nos cursos que se inclúe un módulo de prácticas en empresa, estas serán obrigatorias. Os/as alumnos/as que non asistan ao módulo de prácticas non levarán diploma aínda que asistiran a todos os módulos de clases teóricas.

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131

DECRETO
Número: 2017-0117 Data: 03/04/2017



Cod. Validación: 90G74HPFEDAJMASHNGFZC5M2L | Corrección: <http://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 7

Concello de Covelo

8.- CERTIFICADO DE PARTICIPACIÓN

O Concello de Covelo expedirá o correspondente diploma ao alumnado que finalice o curso con aproveitamento e asista ao 80% das horas lectivas (presenciais) do curso. No diploma figurarán o número de horas e o programa do curso, os módulos transversais e as prácticas non laborais se as houbera.

Cando unha persoa cause baixa por colocación e non teña dereito a diploma, expediráselle un certificado de asistencia no que figurarán as horas e os módulos aos que asistiu.”

TERCEIRO.- Aprobación do Anexo I no que se recolle o modelo oficial de solicitude de participación no **PROXECTO DE INSERCIÓN LABORAL DE ASESORAMENTO, TUTORIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS E HORTAS ECOLÓXICAS DO CONCELLO DE COVELO 2017.**


CUARTO.- Ordenar a publicación da convocatoria no taboleiro de Edictos Municipais e na páxina web do Concello .

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE	A SECRETARIA
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo	Asdo. M ^a Jesús Rodríguez Freire
(Documento asinado electrónicamente)	

DECRETO

Número: 2017-0117 Data: 03/04/2017



Cod. Validación: 9QG74HPFEDAJMASHN9fZC5M2L | Corrección: <http://covelo.sedelectronica.es/>
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 7

Concello de Covelo**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROXECTO DE INSERCIÓN
LABORAL DE ASESORAMENTO, TUTORIZACIÓN E COMERCIALIZACIÓN
DE PRODUTOS E HORTAS ECOLÓXICAS DO CONCELLO DE COVELO
2017**

PERSOA SOLICITANTE		
Apelidos:		Nome:
DNI:	Tel.:	E-mail:
Enderezo:		

AUTORIZO A TOMA DE IMAXES E REXISTRO DE SON:	SI	NON
Para a difusión e memoria do proxecto		
DECLARO QUE TEÑO CAPACIDADE LOXÍSTICA PARA REALIZAR UNHA HORTA ECOLÓXICA:	SI	NON
M ² dos que dispoño para cultivar.....		

Documentación que achega:
-Fotocopia do DNI da persoa solicitante
-Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego
- Certificado ou Volante de empadramento.

Data:

Sinatura:

De conformidade co desposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e serán incorporados ao ficheiro de "Cultura e Deporte" do Concello de Covelo aos efectos de participar en accións formativas. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición sobre os seus datos dirixíndose ao responsable do ficheiro a través de escrito asinado e fotocopia do DNI.

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131

DECRETO

Número: 2017-0117 Data: 03/04/2017

Cod. Validación: 90G74HPFED4JMA5H9F7C5M2L | Corrección: http://covelosedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 7